

Exp.: 19/2156

Asunto: Ampliación do números de cámaras de vídeo vixilancia fixas con fines de vixilancia e protección das instalacións municipais.

Antecedentes.-

Entre as diferentes funcións que teñen encomendadas os Corpos da Policía Local, encóntrase a vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións. Para realizar axeitadamente esta función a Xefatura da Policía Local conta cun sistema de vídeo cámaras fixas que permiten ser visionadas polos funcionarios/as que teñan encomendada esta misión.

Na actualidade nas instalacións da Xefatura da Policía Local de Vigo, cóntase cun sistema integrado por de catorce (14) cámaras fixas as cales encóntranse localizadas en diferentes puntos ao obxecto de garantir a seguridade das persoas, bens e servizos, e as mesmas están dadas de alta no Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Vigo con número de expediente 3/2156.

Por ende, e coa finalidade de poder levar a xeito as encomendas propias de vixilancia e protección das instalacións, faise necesaria a ampliación no número de cámaras de vídeo vixilancia fixas, nun total de cinco (5), as cales se instalarán nos seguintes puntos:

- Dúas (2) nos accesos peonís a Xefatura dende o paseo de Granada.
- Dúas (2) nos dous patios da Xefatura onde se encontra a flota de vehículos policiais.
- Unha (1) no acceso peonil dende a Praza do Rei ao Concello de Vigo.

Na instalación, orientación e uso de todas estas cámaras de vídeo vixilancia farase en base aos principios de proporcionalidade litude, transparencia e lealdade, minimización dos datos e limitación no prazo de conservación todo elo en base ao establecido no Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Vigo denominado "Cámaras fixas Xefatura".


Fundamentación Xurídica.-

II. O Regulamento (EU) 2016/679 del Parlamento sinala no artigo 6.1.e) que: *"o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento"*.

En relación á normativa nacional indica a *Lei Orgánica 3/2018, de Protección de datos e garantías dos dereitos dixitais no seu artigo 22.1, sinala que: "as persoas xurídicas poderán levar a cabo o tratamento de imaxes a través de sistemas de cámaras ou vídeo cámaras coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e bens, así como das súas instalacións"*.

II. A Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, no seu artigo art15.1 sinala que: *"A captación, reprodución e tratamento de datos persoais polas Forzas e Corpos de Seguridade nos termos previstos nesta Lei Orgánica, así como as actividades preparatorias, non se considerarán intromisións ilexítimas no dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (...)* e o punto 2º sinala que *"Na instalación de*





sistemas de gravación de imaxes e sons teranse en conta, conforme ao principio de proporcionalidade, os seguintes criterios: asegurar a protección dos edificios e instalacións propias; asegurar a protección de edificios e instalacións públicas e dos seus accesos que estean baixo custodia (...)

III. A Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade no seu artigo 53.1 a) e a Lei 4/207 de Coordinación de Policía Local de Galicia no seu artigo 8.1 a) onde se recollen as funcións dos Corpos da Policía Local sinala a de: “Protexer ás autoridades das corporacións locais e *vixiar ou custodiar os seus edificios e instalacións*”.

Data segundo sinatura electrónica

O INTENDENTE XEFE DA POLICÍA LOCAL – Alberto Carballo Acuña.

Conforme,

A CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL – Patricia Rodríguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23 e Resolución da Alcaldía de data 20/06/23, BOPPO nº124 do 28 de xuño do 2023).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/07/2024 12:46	Páxina 2 de 2
19-2156	CSV: AAA155-BDD4DA-2C2HA9-RCPJLJ-7F1NCN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		